



Xuventude

Nº 59 - Marzo 2015

onovas



Si!

Xa pensamos no verán!



Unha Iniciativa Xove recupera a tradición mariñeira



A final do Parlamento Xove 2015, o 18 de abril



Entrevista: Beatriz Ventosinos, autora do mellor cartel de Xuventude Crea

XUNTA DE GALICIA



Aproveita o verán con máis acción



- As prazas en campamentos, campos de traballo e demais actividades da campaña estival de Xuventude poden solicitarse ata o vindeiro 8 de abril

Semella que queda moi lonxe, pero en canto nos descoidemos o verán xa estará aquí. E con el probablemente traia bo tempo e tempo libre. A combinación idónea para saír da casa e non aburrirse. Para aproveitalo a tope, xa está convocada a **Acción de Verán 2015**, o programa de actividades da Dirección Xeral de Xuventude para os meses de xullo e agosto.

Unha vez máis, ofrece unha mancha de prazas en campamentos de verán, campos de traballo, actividades para maiores de idade e programas concertados para entidades e grupos non asociados. E este ano presentan a novidade das quendas Implíca-T, para mozos e mozas de 14 a 17 anos, que incorporan actuacións de voluntariado e participación.

Co que non hai que desistirse é coas solicitudes. O prazo remata o 8 de abril. Deben tramitarse a través da **sede electrónica da Xunta**.



Os campamentos de verán teñen dezasete localizacións posibles en Galicia e seis nos intercambios con outras comunidades autónomas (Euskadi, Estremadura, Castela e León e A Rioxa), con tal variedade de propostas que pode ser complicado escoller.

Na provincia da Coruña, o albergue da Mariña Española ofrece 'Aventura nas Mariñas' e o de Gandarío, tamén en Bergondo, acollerá 'Actividades no mar'. En Melide prográmase 'Natureza no camiño', mentres que a 'Natureza xunto ao mar' será no campamento de Porto do Son. En Boiro, bautizaron como 'Candilexas' un campamento sobre dramatización e circo.

En Lugo, o albergue de Viveiro centrará o seu campamento no medio mariño e na náutica, mentres que o de Portomarín recibiu o nome 'Aventura no camiño', o que non lle impide incluír actividades acuáticas. En

Moitas aventuras para escoller

Ribadeo, as distintas quendas do campamento centraranse en diversas disciplinas creativas. A natureza e o patrimonio serán os protagonistas en Palas de Rei. E, para concluír as opcións en Lugo, Carballedo será a sede

En Pontevedra, o campamento de Vilanova de Arousa será de actividades no Mar, o de Forcarei de agricultura ecolóxica e o de Bueu prioriza os deportes de aventura en Ons.

A maiores, a convocatoria inclúe o



cun campamento en inglés.

Xa en Ourense, o campamento de Entrimo mesturará teatro, aventura e natureza, o de Esgos ofrecerá multitude de actividades participativas, e os de Manzaneda e Coles terán moito deporte e natureza.

programa rotatorio 'Conecta Galicia', de intercambio entre participantes galegos e outros procedentes da Galicia exterior, en albergues e residencias de Bergondo, Lugo e Ourense. E tamén as quendas Implíca-T, para quen queira un extra de acción.



Instalacións á disposición das entidades

Dentro da **Acción de Verán 2015**, as asociacións xuvenís, as entidades de prestación de servizos á xuventude, as escolas de tempo libre, os consellos de xuventude, as corporacións locais, ou grupos de mozos non asociados que organicen actividades de tempo libre sen ánimo de lucro poden solicitar o uso de instalacións xuvenís entre o 15 de xuño e o 30 de setembro.

A Dirección Xeral pretende con esta opción facilitarlles a todas estas entidades medios e instalacións axeitados, de xeito que non teñan impedimentos para desenvolver o seu traballo.

A **orde específica que regula esta oferta concertada** xa foi publicada. Establece de prazo tamén ata o 8 de abril para presentar as solicitudes e regula desde a preferencia á hora de outorgar as instalacións ata o trámite que hai que seguir en caso de renuncia, sen esquecer o pagamento, as obrigas ou as tarifas.



As **actividades** específicas para quen conte con entre 18 e 30 anos englobanse no programa 'Conecta con Galicia', no que conviven participantes galegos con outros da Galicia exterior co propósito de que vivan experiencias que lles permitan coñecer a realidade galega de xeito lúdico.

Contarán con dúas quendas de doce días. Unha delas, do 1 ao 12 de xullo, desenvolverase no campamento xuvenil de Lugo e no albergue de Gandarío. Servirá para que os participantes coñezan o patrimonio histórico e

A oportunidade dos maiores de idade

cultural da zona de Lugo, cun percorrido por varias etapas do Camiño Francés ata Santiago, e para coñecer o medio mariño mediante actividades relacionadas co mar.

A outra quenda, do 15 ao 26 de xullo, ofrece un segundo tramo mariño idéntico en Gandarío, mentres que a parte relacionada co patrimonio cultural terá por escenario a zona de Ourense e o percorrido xacobeo será por etapas da Vía da Prata, ata Santiago. Esa primeira parte terá aloxamento na residencia Florentino López Cuevillas da cidade das Burgas.

A **reserva de prazas** nestas acti-



vidades pódese efectuar por teléfono desde o pasado 25 de marzo, nos servizos de Xuventude das xefaturas territoriais. Desde que se reserva, hai 48 horas de prazo para presentar a documentación e facer efectiva a cota de participación.

Existen descontos do 25 % para usuarios do Carné Xove e na mesma proporción para quen posúa o título de familia numerosa, aínda que convén ter en conta que non son rebaixas acumulables.

Outes, a primeira novidade nos campos de traballo

A programación de campos de traballo da Acción de Verán 2015 coñecerase na súa amplitude nos vindeiros días. Son 22 quendas en 15 campos en toda Galicia, de maneira que se computan un total de 475 prazas.

Non obstante, xa se adiantou como novidade este ano o que terá lugar en Outes. Terá un ámbito internacional e temática ambiental e etnográfica. Entre o 17 e o 28 de xullo, contará con vinte participantes de 18 a 30 anos, de Galicia, doutras autonomías españolas e de varios países do mundo.

O propio director xeral de Xuven-

tude e Voluntariado, Ovidio Rodeiro, acudiu a Outes para presentar a iniciativa, que terá como emprazamentos o esteiro do Tambre, desde o encoro de Barrié de la Maza ata a Punta Cambrona, no Freixo (Outes).

O campo denominarase 'Horta do Muíño' e ten encomendada a dinamización do turismo na zona rehabilitando un muíño e coa reactivación do sendeirismo limpando a ruta entre Albán e Tremuzo. Un blog recollerá o traballo diario dos participantes, segundo figura no proxecto de campo de traballo, que tamén prevé activi-

dades complementarias nas que colaborará a mocidade de Outes, tanto no ámbito deportivo como no do tempo libre e a cultura.

Tal como manifestou o director xeral en Outes, os campos de traballo "constitúen unha excelente ferramenta de educación non formal para a mocidade, xa que engloban experiencias de participación, de voluntariado e de mobilidade", ao acometer de maneira altruísta accións nas que a xuventude se implica na sociedade e coas que conviven mozos e mozas de moi diversos lugares.



E para a final: o respecto ao profesorado e a supervivencia das salas de cine

- Todo preparado para a final do Parlamento Xove 2015, o sábado 18 de abril

Os equipos finalistas do **Parlamento Xove 2015** traballan estes días coa máxima concentración nos temas escollidos para a gran final deste certame de dialéctica, organizado cada ano pola Dirección Xeral de Xuventude. Celebrarase o sábado 18 de abril nas dependencias do Parlamento de Galicia, en Santiago.

Na categoría de bacharelato, teñen que indagar e preparar argumentacións sobre a seguinte pregunta: "Foméntase desde os fogares a falta de respecto ao profesorado na escola?". Tomando como base un estudo sindical publicado en informacións xornalísticas, a organización explica que un 28 % dos docentes di sufrir acoso e ameazas por parte dos pais, un 27 % faltas de respecto do alumnado e un 16 % acoso e ameazas de menores. A situación fai que ata o 10 % do colectivo profesional pense abandonar. Por iso, no debate xurdirán cuestións como que está fallando na educación.

Na final da ESO, a pregunta formulada é: "Desaparecerán as salas de cine como forma de ocio?". Lévese así ao debate un tema recorrente na actualidade dos últimos anos, co pe-



Xornada clasificatoria na categoría da ESO na Deputación da Coruña

che paulatino de salas de proxección cinematográfica e a auxe doutras formas de uso do tempo libre ante a pantalla, como as series e os videoxogos. As cuestións que debe valorar o alumnado é se se está producindo este cambio no ocio e, de ser así, como explicarían que en cambio as salas cinematográficas si se en-

chen cando se convocan xornadas a prezos reducidos.

Sen dúbida, dous temas repletos de matices que facilitarán que os debates sexan ricos e imprevisibles, á altura do nivel do Parlamento Xove, que este ano superou os douscentos mozos e mozas participantes de preto de corenta centros educativos.



FINALISTAS

Bacharelato

IES de Becerreá 2
IES Castro Alobre Vilagarcía
IES Eduardo Pondal 2, de Santiago
IES de Becerreá 1
IES de Foz
Centro Galen de Lugo
Colexio La Salle Santiago 1
IES Rodeira de Cangas 2

Secundaria

IES Antonio Fraguas 2, de Santiago
IES Pontepedriña Santiago
IES Rosalía de Castro
Colexio La Salle Santiago
IES Eduardo Pondal de Santiago
Colexio Sagrada Familia, de Vilagarcía
IES Antonio Fraguas 1, de Santiago
IES Monte Castro Burela



Unha Iniciativa Xove a toda vela

● O grupo **Amigos da Dorna** de Portonovo recupera a cultura mariñeira popular

A cultura mariñeira popular volve navegar en Portonovo (Sanxenxo) grazas á actividade 'Mar de tradicións', unha escola de navegación creada pola asociación **Amigos da Dorna**, co apoio da **Iniciativa Xove** da Xunta na súa última edición.

Especialmente pensada para a mocidade de 14 a 30 anos, aínda que aberta a todos os públicos, esta proposta gratuíta consiste nun curso de iniciación á navegación a vela en dorna, a navegación máis típica das Rías Baixas.

Tal como asegura a asociación, a intención e que os participantes coñezan as embarcacións tradicionais de Galicia e á vez disfruten co seu uso, coa pretensión de "concienciar sobre a necesidade de conservar vivo este rico patrimonio". Amigos da Dorna explica que moitos dos participantes ignoraban esta "parte importante da súa cultura", polo que a súa iniciativa ser-



A navegación en dorna atrae moita mocidade

viulles de educación non formal, co gancho dunhas xornadas de convivencia interxeracional e deporte.

En todo caso, o grupo organizador aproveitou tamén as clases para transmitir valores positivos en-

tre a xuventude, como "o respecto pola natureza, o gusto polo deporte e os hábitos de vida saudables, ademais do interese polo coñecemento da cultura tradicional, no noso caso vinculada ao mar".

A asociación ten unha relevante bagaxe neste eido, desde que en 1997 se fundou como entidade sen ánimo de lucro. Desde uns anos atrás vían con certa envexa, tal como recoñecen, que noutras localidades costeiras fosen aparecendo colectivos moi activos dedicados a recuperar as embarcacións tradicionais. A irrupción dos avances tecnolóxicos na navegación nos anos 60 fixera que foran quedando en desuso, e por tanto desaparecendo.

Por eso, decidiron apostar polo seu proxecto, que comezaron facéndose cunha dorna xeiteira propia, a 'Jatiña', que lles serviu para ir coas súas prácticas de navegación "por toda Galicia e parte de Europa". A súa frota incorporou tamén o 'Platuxa' e a dorna polbeira 'Bicoca'. Concentracións, regatas e festas de San Xoán son algunhas das actividades coas que dinamizan o panorama cultural na contorna.



Posta en común de proxectos de toda Galicia

O albergue xuvenil **Art Surf Camp de Carballo** acolleu o evento 'Visualizando Iniciativa Xove', unha experiencia na que participaron vinte mozos e mozas involucrados nalgún dos proxectos que recibiron apoio do programa de educación non formal. Ademais



Ovidio Rodeiro, cos participantes de 'Visualizando Iniciativa xove'

da posta en común das experiencias, contaron con actividades sobre emprendemento, participaron na gravación dunha reportaxe de documentación para promocionar a Iniciativa Xove e tamén acudiron a varias propostas lúdicas. Iniciativa Xove, xunto con Galeuropa e o Servizo de Voluntariado Xuvenil, serán estudados pola USC para cuantificar o seu efecto positivo sobre a xuventude.



“Eu era atea ata que te coñecín...”



- Xa se coñecen as mensaxes gañadoras do concurso ‘Lingua de namorar’

Categoría A, con participantes de 14 a 19 anos

1º **Eu era atea ata que te coñecín e non souben a quen darlle as grazas.**
‘Atea’, de Marta Gómez Martín (Pontevedra)

2º **Por primeira vez tirei os dados e saíron impares. Atrás quedaban as historias de sapos sen fadas. De fronte topeime co meu reflexo sobre un leito de narcisos e anestesiéi os sentidos. O eco envexoume e emprendeu un voo case musical: quérome.**
‘Ego’, de Saray Díaz Canosa (Narón, A Coruña)

3º **Decidín asimilarte con cancións... E agora es o meu ritmo de vida.**
‘O meu ritmo’, de Sabela Domínguez Souto (Verín, Ourense)

A Todas as mensaxes

Categoría B, con participantes de 20 a 35 anos

1º **Copérnico fará que non saian as estrelas esa noite. Mendel, que os nosos caracteres non sexan compatibles. Murphy arruinará todos os minutos xunto a ti. Ti tan xullo e eu tan decembro. Ti risco, eu cabeza. Quizais sexa verdade que os polos opostos se atraen. Porque, lonxe das nosas imperfeccións, o mundo é desgrazadamente perfecto.**
‘Polos opostos’, Aitana Iglesias Márquez (Narón, A Coruña)

2º **Digo sarabia cando lembro o teu cabelo nas madrugadas do inverno; digo solpor cando imaxino o teu calcañar pisando a area; digo xeada cando deixas inmóbil o meu corazón; digo lóstrego cando me cravas no profundo as túas meniñas; digo tempestade cando espero baixo a túa fiestra cun paraugas nunha man e un quérote na outra.**
‘Sentimento meteorolóxico’, de Sonia Varela García (Arteixo, A Coruña)

3º **Coma unha folerpa de neve, que se perde entre os montes brancos dos picos máis altos. Coma unha pompa de xabón nun mar de espuma. Coma unha única nota, que pasa desapercibida na mellor canción. Coma un suspiro perdido no aire que respiras. Coma unha única persoa perdida entre unha chea de xente, así me sinto, así estou, así me vexo eu... ti non.**
‘Así’, de María J. Chao Sánchez (Ares, A Coruña)

B Todas as mensaxes



“Un cartel debe chamar a atención, sen excesos pero con eficacia”

● Entrevista con Beatriz Ventosinos Candame, gañadora de Xuventude Crea na modalidade de carteis

- **Titulada en Publicidade e Relacións Públicas, a coruñesa Beatriz Ventosinos Candame gañou o Xuventude Crea na modalidade de deseño de carteis, con 'Historia do Camiño', unha creación moi orixinal na que concentra grandes doses de talento, nunha disciplina pola que se foi interesando cada vez máis segundo avanzaba nos seus estudos. Descríbenos en que consiste a composición coa que gañaches o certame Xuventude Crea.**

- O meu cartel está feito con tipografía e degradados, que se o ves de lonxe aprezas a imaxe da cara de San Francisco de Asís e se te achegas percibes que está composta por un texto que fai un percorrido sobre a súa

historia. Está feito con motivo do 800 aniversario da súa peregrinación a Santiago.

- **Iso require un esforzo imaxinativo e tamén de técnica. Non debe de ser doado plasmalo...**

- Non, non o é. Máis que nada por traballar cos degradados da imaxe, coas cores e coas sombras, que lle dan forma.

- **Os carteis continúan sendo útiles como elemento comunicativo?**

- Creo que si. Continúan funcionando, sobre todo se non conteñen demasiada información porque nun golpe de vista podes ver de que se trata. Sabes de que vai ao momento, mentres que por exemplo para ver algo en youtube, un anuncio ou

algo dixital en movementos que parate máis, necesitas máis tempo. Precisa máis atención e interese por parte de quen o ve, cando o cartel, se chama a atención visualmente, en menos de cinco segundos sabes de que se trata.

- **O primeiro impacto é por tanto algo moi necesario nun cartel?**

- Si, debe chamar a atención. Sen excesos, pero con eficacia. Eu, neste caso, tratei de sorprenderte co xogo de formar unha imaxe a través dun texto.

- **Cres que as empresas ou as entidades que ás veces utilizan, ou non, carteis para promoverse, son conscientes da súa importancia?**



Beatriz Ventosinos Candame

- Creo que non sempre. Moitas empresas pensan que un cartel con que simplemente poña o necesario xa basta. E non é así. Aínda que poña o necesario, se non é visual non funciona. E menos se ofrece demasiada



información xunta. A xente non se para a lelo. Creo que non sempre lle dan ao deseño a importancia que merece.

- Queda entón moito que avanzar nos carteis de festas e de concertos que vemos por todas partes e que semellan moi estandarizados?


- Si, non polos deseñadores, senón polos organizadores e as empresas que hai detrás, que o ven como algo secundario.

- Entón, hai un oco profesional para os deseñadores gráficos, unha alternativa laboral, en impresas e editoriais? Deberían incorporar esta categoría con máis decisión aos seus equipos?

- Sempre que se comprometan a facer o deseño nun encargo, o normal é que conten con profesionais para tal tarefa. Se o fai alguén que non sabe, o único no que se fixa é que a información estea aí posta, sen reparar na forma.

- E a sociedade ten o gusto o suficientemente avanzado para valorar todo isto?

- Si. Pode que non tan-



O cartel de Beatriz Ventosinos mestura tipografías e degradados de imaxe para recrear a cara de San Francisco de Asís, de modo que a percepción do seu contido varía segundo a distancia á que sexa observado.

to por conciencia, pero si é evidente que todo o mundo, cando ve algo, sabe recoñecer se lle agrada á vista ou non. E á parte deso, se a información está ben explicada e se se entende rápido e de maneira doada, a xente si se fixa e si que o apreza. Ten o suficiente gusto e incluso coñecemento. E non só en carteis que vexamos por aí, senón en calquera outro produto de deseño gráfico, como pode ser o menú dun restaurante.

- Cales son os teus referentes á hora de elaborar un cartel?

- Cando estudei Publicidade e Relacións Públicas, que é unha titulación que está moi asociada ao deseño gráfico, foi entrando e coñecendo cada vez máis este eido. Gustoume cada vez máis, foi interesándome e reparei sempre en carteis de anuncios, en mupis... Non teño un referente concreto que poida destacar; hoxe en día, unha boa maneira de buscar e de estar ao día é a internet. Hai blogs sobre



deseño, anuncios e creatividade moi interesantes, como **La Criatura Creativa** ou **Hello Creatividad**. Inspíranme bastante e aprendo moito coas súas entradas, sobre como preparar un bo

“A sociedade ten suficiente gusto e incluso coñecemento para aprezar un bo deseño”

deseño, que ten un deseño mal feito, que elementos chaman a atención, utilidades sobre imaxes e fontes... Os blogs son de grande axuda.

- Que utilidade ten para ti o premio Xuventude Crea? Era agardado?

- Non o era. Presenteime por probar a ver como saía e foi unha sorpresa moi grande. Pero estou moi satisfeita e dáme a alegría de pensar que quizais teña esperanzas no mundiño do deseño gráfico (risas).

NON O PERDAS

SR. CHINARRO. A CORUÑA.
10 DE ABRIL. PLAYA CLUB.



FITO Y FITIPALDIS. VIGO.
16 DE MAIO. IFEVI.

NON O PERDAS

O GROVE

2 de abril
Puma Pumku
Twist and Shout

2 de abril
Rolling Over
Twist and Shout

FERROL

10 de abril
Capsula
Súper 8

9 de maio
Christina Rosenvinge
Súper 8

10 de maio
Micah P. Hinson e The Gospel of Progress
Súper 8

MELIDE

24 de abril
Miguel Costas e Tregua
A Fundación

15 de maio
Luis Rivera
Pub Gatos

A CORUÑA

2 de abril
Nao
Playa Club

9 de abril
Be forest
Mardi Gras

10 de abril
Sr. Chinarro
Playa Club

10 de abril
Víctor Coyote
Museo de Arte Contemporánea Gas Natural Fenosa

10 de abril
Germán Cruz
Museo de Arte Contemporánea Gas Natural Fenosa

11 de abril
Festival de Tributos
Masters of rock
Playa Club

11 de abril
Capsula
Mardi Gras

17 de abril
Raveneye Feat, Oli Brown e Last Fair Deal
Mardi Gras

18 de abril
Guadalupe Plata
Playa Club

23 de abril
Willie Nile
Playa Club

25 de abril
La Bien Querida
Mardi Gras

1 de maio
Carmen Boza
Mardi Gras

8 de maio
Micah P. Hinson e The Gospel of Progress
Playa Club

15 de maio
Ellos
Mardi Gras

VIGO

10 de abril
Be Forest
A Fábrica de Chocolate

11 de abril
Molly Gene
A Iguana

11 de abril
Última Experiencia
O Ensanche

25 de abril
Antílopez

Sala Barrocco

28 de abril
Casablanca
A Iguana

10 de maio
Micah P. Hinson e The Gospel of Progress
A Iguana

15 de maio
Costa
A Fábrica de Chocolate

15 de maio
Julián Maeso
A Iguana

16 de maio
Los Motores
Sala Máster

16 de maio
Fito y Fitipaldís
IFEVI

OURENSE

10 de abril
Maryland
Café Pop Torgal

15 de abril
Guadalupe Plata
Café Berlín

18 de abril
Los motores
Café Auriense

18 de abril
Pasajero
A Iguana

18 de abril
Raveneye Feat, Oli Brown e Last Fair Deal
A Fábrica de Chocolate

22 de abril
Jennifer Castle
Café Pop Torgal

24 de abril
Sold my soul
Café Berlín

25 de abril
La Habitación Roja
Café Pop Torgal

9 de maio
Niño y Pistola
Café Pop Torgal

18 de maio
Jacco Gardner
Auditorio

BUEU

19 de abril
The Soul Jacket



BOO BOO DAVIS. PONTEVEDRA.
15 DE ABRIL. SALA KARMA.



PEDRO GUERRA. SANTIAGO.
11 DE ABRIL. SÓNAR.

galicia



Aturuxo

SANTIAGO

1 de abril

Romeo Santos

Multiúsos Fontes do Sar

9 de abril

Sr. Chinarro

Sala Capitol

10 de abril

Terracota

Sala Capitol

11 de abril

Pedro Guerra

Sónar

11 de abril

Berri Txarrak

Sala Capitol

12 de abril

Placeres Ocultos 20 Part

Time

Cachán Clube

17 de abril

Russian Circles, Helms Alee

e Cuchillo de Fuego

Sala Capitol

17 de abril

Paco Cifuentes Trío

Sónar

18 de abril

Luis Ramiro

Sónar

23 de abril

Martin Carr

Sónar

24 de abril

Laurence Jones

Sala Capitol

24 de abril

Antílopez

Sala Moon

24 de abril

Funambulista

Sala Moon

25 de abril

Rueda Fortuna. Tributo Hé-

roes del Silencio

Sala Moon

25 de abril

Nueva Vulcano, Rosvita e

Djalminha

Sala Capitol

25 de abril

Marino Sáiz

Sónar

30 de abril

The National, The Gift e Best

Boy

Praza da Quintana

Lapso 2015 Music Experien-

ce

Praza da Quintana

Carmela

Sónar

1 de maio

Quique González

Teatro Principal

7 de maio

Mono e Helen Money

Teatro Principal

7 de maio

Christina Rosenvinge

Sala Capitol

8 de maio

Niño y Pistola

Sala Capitol

8 de maio

Adriana Moragues e Elvira

Sastre

Sónar

BOIRO

25 de abril

Miguel Costas e Tregua

A Pousada das Ánimas

PONTEVEDRA

15 de abril

Boo Boo Davis

Sala Karma

17 de abril

Eladio y los Seres Queridos

Sala Karma

18 de abril

Maryland

Sala Karma

23 de abril

La Bien Querida

Sala Karma

24 de abril

The Dodos

Sala Karma

25 de abril

Tulsa

Sala Karma

8 de maio

Christina Rosenvinge

Sala Karma

LUGO

11 de abril

Los Motores e Pacho Brea

Clavicémbalo

15 de abril

Willie Nile

Clavicémbalo

16 de maio

Rueda Fortuna. Tributo Hé-

roes del Silencio

Sala Diablo

CANGAS DO MORRAZO

17 de abril

Niña Coyote e Chico Torna-

do, Atlantic Valley

Salason

16 de maio

Bonafide e Pölisong

Salason



Xuventude Novas - Nº 59 - Marzo 2015

EDITA:

Xunta de Galicia

Consellería de Traballo e Benestar

Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado

San Lázaro, s/n - 15781 - Santiago

REDACCIÓN E MAQUETACIÓN:

Nós Comunicación

infoxove@noscomunicacion.com

CONTACTA CON XUVENTUDE.NOVAS

infoxove@xunta.es

Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado

San Caetano s/n - 15781

Santiago de Compostela

Tel: 981 544 660



XUNTA
DE GALICIA